

Para o alumnado da ESO



O Chispas

Manuel Rivas. Ed. Xerais. 2020

O Chispas é músico. Unha noite uns seres extraordinarios cégano cunha potente luz e esperta en Mutandi, un planeta gobernado polos cracks, que fabrican a realidade e se rexen por modas. E agora a moda é o Chispas. Un músico cósmico!

A rapaza de tinta de estrelas

Kiran Millwood Hargrave. Ed. Sushi books. 2019

Isabel ten prohibido saír da illa de Joya, pero soña con terras afastadas que o seu pai, un célebre cartógrafo, debuxara en mapas. Cando a súa mellor amiga desaparece, participa na súa busca. Guiada por un mapa antigo e polo seu coñecemento das estrelas, Isabel navega polos perigosos Territorios Esquecidos da illa



Veleno de tinta impresa

Xosé Neira Cruz. Ed. Xerais. 2020

Elvira Morales, unha moza nacida a finais do século XIX, remata os seus estudos e toma a decisión de apostar polo seu soño: traballar como xornalista. Nunha sociedade na que ese encargo está reservado para os homes, pero que ao mesmo tempo foi berce de figuras

femininas como Fanny Garrido, Emilia Pardo Bazán... Elvira Morales terá que atopar o seu futuro.



A que cheiran as cores?

Juan Castro Rivadulla Fdez. Ed. Galaxia. 2019

Es quen de mover cousas coa mente? A que sabe a cor azul? Pareceríanos normal escoitar estas preguntas nunha conversa entre Harry Potter e os seus colegas. Mais Juan Casto Rivadulla Fernández nunca estivo en Hogwarts. É un neurocientífico galego que responde estas cuestións tan disparatadas mentres nos explica, dun xeito divertido e sinxelo, o funcionamento do cerebro. Queres coñecer as súas respostas?



Para alumnado de Bacharelato



O conto da criada

Margaret Atwood.

Ed. Irmás Cartoné, 2019


Tras un golpe de estado, os EE.UU. convértese na República de Galaad, un réxime teocrático no que as mulleres fértiles que os seus mandatarios consideran indignas de exercer como nais son condenadas a servir como criadas. Pero os servizos que deben prestar son reprodutivos, xerar fillos das mulleres estériles das elites do réxime.

O derradeiro libro de Emma Olsen (BD)

Berta Dávila-Pablo Prado.

Galaxia, 2020

Os mesmos personaxes atrapados polas paixóns da alma máis contraditorias capaces de amar, de odiar, de agochar segredos que só poden saír cando a vida chega á súa fin.



Brooklyn

Colm Tóibín. Ed. Lumen, 2016

Unha inmigrante irlandesa desembarca en Brooklyn na década de 1950. Cando o pasado regresa e ten que volver a Irlanda, debe elixir entre dous amores, dous países e dous modos de vivir.

Brooklyn

Dir. John Crowley, 2015. DVD

Nos anos 50, a moza irlandesa Eilis Lacey decide abandonar Irlanda e viaxar aos Estados Unidos, concretamente a Nova York, onde coñece a Tony, un mozo italiano co que comeza a saír e do que se namora. Baseada na novela homónima de Colm Tóibín.



REDE DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DOS CENTROS PÚBLICOS DE AMES



GUÍA DE VERÁN 2020

www.bibliocepamaia.blogspot.com
www.coapalabranaboca.blogspot.com/es/
www.agrobiblio.blogspot.com.es
www.bibliocarlosnieto.blogspot.com.es/
www.iesmilladoirobiblioteca.blogspot.com.es/
<http://www.bibliobarouta.blogspot.com>
axaneladeventin.blogspot.com
eei.covas@edu.xunta.es
eei.igreja.ames@edu.xunta.es

Máis guías en:

www.edu.xunta.es/biblioteca/blog

Primeiros lectores

El muro en mitad del libro

Jon Agee. La casita Roja Ediciones.2019

No centro deste libro hai un muro. Nun lado un mozo cabaleiro coa súa armadura. No outro, un tigre feroz, un enorme rinoceronte e un ogro que comería dun bocado ao noso cabaleiro.



Monstro Azul

Olga de Dios. Apila Edicións.2020

Esta é a historia dun grupo que medrou crendo que podía xogar sen importaren as consecuencias dos seus

actos. Aprenderán a divertirse sen danar a súa contorna? Monstro Azul fálanos de respecto, a convivencia e empatía.

Se che pica un mosquito.

Jordi Gastó. Ed. Kalandraka. 2020

Estes divertidos remedios rimados que alivian as molestias dunha picadura non se atopan nas boticas, nin se obteñen das plantas. Para que te deixe de picar e de doer, este libro tes que ler.



De 7 a 9 anos

Nueve formas de NO pisar un charco

Susanna Isern. Ed. Takatuka. 2017


Estrenar roupa non ten por que ser incompatible cun paseo trala chuvia. Ela ten

moi claro que non pode manchar a súa roupa nova, nin os seus zapatos relucentes.

Cociñando con bolboretas no bandullo

Diana Fdez Gómez e David Díaz Díaz. Ed. Xerais.2018

Cada receita garda unha historia, pequenos relatos que vos engaiolarán, moito sabor e, sobre todo, moita, moita diversión.



Se vende mamá.


Care Santos. Ediciones S.M. 2015

Unha divertida historia que reflicte o agarimo e a tenrura entre nais e fillos. Óscar vende mamá de 38 anos, pelo loiro, non moi alta, ollos marróns, bastante guapa.

A nena que abrazaba as árbores

Henrique Alvarelos. Verdemar. 2020

Cando fixo tres anos, Lucía recibiu un agasallo moi especial de mamá e papá: unha árbore. Abraza unha árbore e descobre que preto da casa tes unha natureza única.



De 9 a 12 anos

Volvo, o regreso de Usha

María Reimóndez. Ed. Xerais, 2014. Recomendado na Guía de literatura infantil e xuvenil para a

igualdade, da Xunta de Galicia

Na pequena aldea de Devastana, Usha e as súas amizades regresan das vacacións cos nervios do último curso da primaria. Pronto empezan a producirse sucesos intrigantes intrigantes...



Un día en el museo

Mónica Rodríguez. Ed. Ob Stare. 2016

Un museo moi tolo cheo de xente divertida. Rodolfo Estrafalarario expón no museo. O gran artista abstracto é unha persoa moi peculiar, igual que as súas obras, e

as persoas que visitan a súa exposición...

Elisa no mundo das Marabillas

APAMP. Ed Galaxia.2017

Este libro foi creado polas persoas que conviven no centro residencial da APAMP. Amósanos a realidade cotiá das persoas con parálise cerebral.



Los diarios de Cereza

Aurelie Neyret/Joris Chamblain. Ed. Alfabara.2017

Serie de cómics que narran as aventuras de Cereza, una nena que soña con ser escritora mentres resolve todo tipo de

misterios.